

TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DE ACCESO LIBRE E PROMOCIÓN INTERNA POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA O INGRESO NA ESCALA TÉCNICA ESPECIALISTA DE TECNOLOGÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN SUBESCALA INFORMÁTICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 16 DE DECEMBRO DE 2022

ACORDOS

O dito tribunal na súa reunión do pasado 6 de febreiro de 2024 adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Primeiro.- Fixar o lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio:

Data: sábado, **13 de abril** do 2024

Hora: **10:00** horas

Lugar: Aula A1, Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, campus universitario Lagoas Marcosende, 36.310 Vigo.

Segundo.- De acordo co ANEXO II das bases da convocatoria que sustentan o proceso selectivo, substituír no temario as seguintes normas derogadas total ou parcialmente:

Do Bloque específico:

V. Lexislación no ámbito dos sistemas de información e administración electrónica.

35. Real decreto 3/2010 polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da administración electrónica: principios básicos, requisitos mínimos, auditoría de seguridade e categorías dos sistemas.

Substitúila por:

V. Lexislación no ámbito dos sistemas de información e administración electrónica.

35. Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade: Principios básicos (Capítulo II), Política de seguridade e requisitos mínimos de seguridade (Capítulo III), Seguridade dos sistemas: auditoría, informe e incidentes de seguridade (Capítulo IV), Categorización dos sistemas de información (Capítulo VII).

Do Bloque común:

4 Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades: título preliminar e



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO



FIRMADO

título X.

8. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar; título II: capítulos. I, II, IV e V; título IV: capítulos I e II.

Substituíllas respectivamente por:

4. Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario: Funcións do sistema universitario e autonomía das universidades (Título I) e Personal técnico, de xestión e de administración e servizos das universidades públicas (Título IX-Capítulo V).
8. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: disposicións xerais (Título preliminar); O acceso e a promoción no emprego público galego (Título VI-Capítulo II); Formación en igualdade e transparencia retributiva no emprego público (Título VI-Capítulo III); Medidas de conciliación e de corresponsabilidade (Título VI-Capítulo IV).

Terceiro.- Aclarar que a expresión correcta do tema 37. *Lexislación sobre protección de datos: Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de abril de 2016, xeral de protección de datos.*

É a seguinte:

37. Lexislación sobre protección de datos: Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

A secretaria,

Alejandra Vilas Rodríguez

O presidente,

Juan Aguiar Fernández